



INFORME ANUAL DE SEGUIMIENTO

**Grao en Pedagogía
Curso Académico: 2013-2014**

1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO

DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO	
Denominación do título	Grao en Pedagogía
Códigos identificativos (aplicación Verifica e MEC)	Verifica: 1659/2009, MEC: 2501110
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Universidade solicitante	Universidade de Santiago de Compostela
Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título ou, no seu caso, departamento ou instituto	Facultade de Ciencias da Educación
Centro onde se imparte o título	Facultade de Ciencias da Educación (Campus Vida)
No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s	---
Responsable do título	Decano: R. Lois Ferradás Blanco
Correo electrónico do responsable do título	zedudeca@usc.es
Curso de implantación do título	2009-2010
Data última acreditación	22/06/2010
Órgano responsable da elaboración do informe anual de seguimento	Comisión do título de Grao en Pedagogía
Órgano responsable da aprobación do informe anual de seguimento	Comisión de Calidade da Facultade

2. INFORMACIÓN PÚBLICA QUE A UNIVERSIDADE FACILITA DE CADA UN DOS SEUS TÍTULOS	
Información pública	Páxina web da Universidade/Centro/Título...
Denominación do título	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion_s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64
Número de créditos e duración do título	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/terminacion.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9 (Lapela Plan de estudos)
Centro responsable do título ou, no seu caso, departamento ou instituto	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion_s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64
Coordinador/a e/ou responsable do título	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion_s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64
Centro/s onde se imparte o título	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion_s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64
No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/es participante/s	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion_s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64
Tipo de ensinanza	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion_s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64
Número de prazas de novo ingreso ofertadas	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion_s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Oferta e Admisión)
Idiomas en que se imparte o título	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion_s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64
Saídas profesionais/Profesións reguladas para as que capacita/Prefil de egreso	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion_s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Obxectivos, competencias e saídas profesionais)
Normativa de permanencia	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion_s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Outra información)
Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion_s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Plan de estudos)
Memoria vixente do título	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion_s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64
Obxectivos do título	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion_s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Obxectivos, competencias e saídas profesionais)
Competencias xerais	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion_s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Obxectivos, competencias e saídas profesionais)

Competencias específicas	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion.s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Obxectivos, competencias e saídas profesionais)
Criterios de acceso e admisión	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion.s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Oferta e admisión)
Procedemento de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion.s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64 (Oferta e admisión) Con anterioridade ao inicio do curso publícase na sección de Novidades e Avisos da Facultade a data da xornada de acollida e a guía do primeiro curso. Os/as estudantes poden ter información de forma telefónica, presencial ou telemática na páxina http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/
Plan de acción tutorial	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion.s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Outra información)
Perfil de ingreso recomendado	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion.s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Oferta e admisión)
Condicións ou probas de acceso especiais, se existen	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion.s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Oferta e admisión)
Programas de mobilidade	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion.s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Outra información) http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/mobilidade/index.html
Curso ponte ou de adaptación (deseño curricular, criterios e condicións de acceso), se existe ¹	Non se contempla
Complementos formativos necesarios, en función da formación previa acreditada polo estudante, se fose o caso	---
Estrutura do programa formativo: denominación do módulo ou materia, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion.s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Plan de estudos)
Horarios	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion.s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64 http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/horario_cursos.html
Guías docentes/Programación docente ²	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion.s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Plan de estudos) http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/programa.s.html?plan=13327&ano=64
Traballo fin de grao/máster (comisión, convocatorias, etc.)	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/materia.html?materia=74662&ano=64

	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/materia.html?materia=74662&ano=64 http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/TFG.html (Normativa, regulamento...)
Información sobre as prácticas externas, se as houbera (entidades colaboradoras,...)	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion.s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Outra información) http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/practicum/index.html
Descrición do profesorado (categoría, datos de contacto...)	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/profesorado_titulacion.html?plan=13328
Descrición doutros recursos humanos necesarios e dispoñibles para o desenvolvemento do plan de estudos	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/servizos.html http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/cc_educacion/descargas/PAS_Facultade_CC_Educacion_-_2013.pdf http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/memorias_graos_USC/Pedagoxxa.pdf
Aulas e seminarios	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestructuras.html
Laboratorios	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestructuras.html
Salas de informática	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestructuras.html
Salas de estudo	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestructuras.html
Biblioteca	http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/buscc/centros/psicoeduca/
Outros servizos dispoñibles	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/servizos.html http://www.usc.es/gl/servizos/
Espazos para os representantes de estudantes	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestructuras.html
Taxa de graduación	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion.s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Outra información)
Taxa de abandono	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion.s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Outra información)
Taxa de eficiencia	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion.s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Outra información)
Taxa de rendemento	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion.s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Outra información)
Taxa de éxito	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion.s.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Outra información)

	información)
Taxas de inserción laboral	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Outra información)
Outras taxas/resultados complementarias que o título fai públicas (Informe institucional resultados Docencia)	http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datosgraos.html
Órgano responsable do sistema de garantía de calidade do título	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/plandecalidade.html
Política e obxectivos de calidade	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/plandecalidade.html
Manual e procedementos do SGC	http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/plandecalidade.html

¹ **Curso ponte:** centro/s en que se imparte, número de prazas ofertadas, criterios acceso e admisión, probas de acceso se existen, información previa á matriculación, número de créditos do curso, itinerarios formativos, transferencia e recoñecemento de créditos, modalidades de impartición, normativa de permanencia, guías docentes das materias a cursar.

² **Tipo de materia, número de créditos, competencias, contidos, metodoloxía, sistema de avaliación, titorías, calendario e horario, responsable docente, idiomas en que se imparte.**

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
1. Descrición do título							
Valorarase o criterio de “Descrición do título” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007).							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio ³							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:</p> <p>No apartado primeiro da Memoria para a Verificación do Título de Grao en Pedagogía, recóllese información de interese no que atinxe á descrición do Título, a cal se complementa coa especificación daqueles descritores que favorecen a identificación do Grao en Pedagogía no marco da totalidade de Titulacións ofertadas pola Facultade de Ciencias da Educación en particular e da Universidade de Santiago de Compostela en xeral. Deste xeito, reflíctese información de interese referida á súa caracterización e principais elementos de identificación: responsables do programa, tipo de ensinanza, número de prazas de novo ingreso ofertadas, número de créditos e requisitos da titulación, así como información necesaria para a expedición do Suplemento Europeo ao Título (SET) de acordo coa normativa vixente.</p> <p>Por outra banda, na páxina web da Facultade/Título (http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9) existe información básica referida ao Grao, centrada fundamentalmente nos principais datos de identificación da Titulación; obxectivos, competencias e saídas profesionais da mesma; plan de estudos; oferta e admisión –número de prazas de novo ingreso, nota de corte do curso académico anterior, perfil de ingreso, criterios de acceso e admisión e calendario de preinscrición e matrícula-; e outra información de carácter xeral referida ao Traballo Fin de Grao, Practicum, Programa Alumnos Titores, Mobilidade, normas de permanencia e avaliación, enlaces de interese ao Portal Internacional, ao Programa de Titores e á normativa existente no que atinxe á permanencia e avaliación do alumnado, así como os resultados acadados en varios indicadores, coma os referidos á taxa de éxito e rendemento en cursos académicos anteriores, aspectos todos eles que complementan a información especificada no parágrafo anterior.</p> <p>A información que figura na páxina web da Facultade foi ampliada durante o curso académico 2013-2014, incluíndo información adicional e de interese, ao que tempo que se precisou e concretou a xa existente de cara a facela máis accesible para os seus usuarios.</p> <p>De xeito complementario, o Sistema de Garantía Interno de Calidade (http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/cc_educacion/descargas/SGIC.pdf) recolle tamén información detallada e descritiva de dito Título, así como información complementaria sobre o seguimento do Título de Grao en Pedagogía.</p> <p>Durante o ano 2013-2014 as prazas ofertadas foron 75 como o indica a memoria correspondente (INO1G-PC-05). Sendo a matrícula de novo ingreso de 76 (INO3G-PC-05) ao mesma que a matrícula de inicio de estudos (INO4G-PC-05). Con una matrícula xeral de 315 alumnos/as (INO2G-PC-05) e a variación de inicio de estudos de 1,33 mentras que a media de toda la USC e de -2,54 (INO5G-PC-05).</p>							
BOAS PRÁCTICAS⁴:							

PROPOSTAS DE MELLORA:

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :

³ **Niveis de valoración:**

- * **Satisfactorio (A):** existen evidencias documentais que apoian a presunción dunha realización ordenada e sistemática de accións relacionadas co criterio. Ademais desenvólvense dun xeito eficaz, medible e de acordo a unhas responsabilidades perfectamente definidas.
- * **Suficiente (B):** existen evidencias documentais acerca da realización de actividades relacionadas co elemento que permiten supoñer que, polo menos, nos seus aspectos básicos se desenvolven de maneira recorrente e ordenada, aínda que existan aspectos secundarios non contemplados.
- * **Insuficiente (C):** existen evidencias puntuais da existencia de contidos relacionados coa cuestión formulada polo elemento pero non se axustan, na súa totalidade, aos criterios establecidos, non están correctamente definidos ou non se formulan de maneira sistemática.
- * **Ausencia de evidencias documentais (D):** non existen evidencias documentais sobre o cumprimento da cuestión formulada polo elemento ou as que existen son inadecuadas.

⁴ **Enténdese por boa práctica:** proxecto, programa, técnica ou medio de xestión, implantado de forma complementaria/suplementaria ao establecido na memoria de verificación, que cumpre as seguintes características: xera un impacto positivo no título, podería ser replicado no restos dos títulos, implica un aproveitamento eficaz das oportunidades, demostra creatividade no seu enfoque dun problema, implica efectividade dos recursos...).

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
2. Xustificación							
<i>Valorarase o criterio de “Xustificación” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:</p> <p>O obxectivo prioritario do Título de Grao en Pedagogía céntrase en dotar, ao seu alumnado, dunha base cultural e científica axeitada, a cal lle sirva como referente no desenvolvemento da súa actividade profesional na diversidade de contextos educativos, sociais e laborais que demandan a presenza destes profesionais.</p> <p>A Memoria para a Verificación do Título recolle de xeito detallado a xustificación e argumentación de dita Titulación e o seu interese académico, científico e profesional, o cal vese avalado pola longa tradición no campo da Pedagogía e as diferentes áreas e ámbitos de intervención socioeducativas existentes.</p> <p>Neste senso, cómpre salientar a dilatada traxectoria da Universidade de Santiago de Compostela na implementación de dita Titulación, constituíndose como a única do Sistema Universitario Galego que desenvolve o Título de Grao en Pedagogía.</p> <p>A xustificación da implementación de dita Titulación, vese complementada, a un tempo, pola demanda de estudantes neste eido profesional, aspecto reflectido no número de prazas ofertadas no curso académico 2013-2014 (75) (IN01G-PC-05) e o número de matrícula de novo ingreso (76) (IN03G-PC-05), datos que amosan o porcentaxe de alumnado matriculado de novo ingreso sobre as prazas ofertadas, concretamente o 101.33% (IN12-PC-05). Cómpre salientar, a un tempo, que o 42.67% do alumnado preinscrito seleccionou dita Titulación como primeira opción (IN10G-PC-05), á cal, o 93.37% dos estudantes accederon cunha nota de corte igual ou superior a 6 (IN07G-PC-05), mentras a media de toda a Universidade de Santiago e de 88,57 (IN07G-PC-05). Establecéndes a nota media de acceso por preinscripción a dita Titulación nun 7.63 no curso académico 2013-2014 (IN06G-PC-05).</p> <p>Por outra banda, debe resaltarse a demanda de profesionais do ámbito por parte do mercado laboral actual, aspecto reflexado e avalado polo indicador de inserción laboral (IN45-S01-PM-01), que establece o promedio de tempo na inserción dos/as estudantes en 8.59 meses (2012-IN-49, Informe 2012/2013 –indicador externo proporcionado por ACSUG-). Complementariamente, de acordo con dito informe, cabe apuntar que o 47.1% dos Graduados en Pedagogía atopa traballo nun período de tempo inferior aos 3 meses, mentres que un 41.2% o fai nun intervalo de tempo que oscila entre os 3 e 12 meses. Destaca, a un tempo, que o 44.4% dos seus graduados están a traballar nun emprego relacionado co seu título académico.</p>							

Resalta tamén, a adscrición destes profesionais á Asociación Galega de Pedagogos/as de Galicia, a cal centra o seu interese en dar resposta, dende unha perspectiva socioeducativa, ás necesidades e esixencias da sociedade actual dende unha perspectiva socioeducativa.

Nembargante, á vista da demanda de profesionais do ámbito e tomando como referente o apuntado no Informe de Seguimento do Curso Académico 2012-2013, no que se establecía, tras unha primeira revisión inicial da Clasificación Nacional de Ocupacións de España, como proposta de mellora analizar a presenza da Titulación de Pedagogía na Clasificación Nacional de Ocupacións de España, así como estudar a adecuación do seu plan de estudos ás demandas do mercado laboral actual (a desenvolver durante os Cursos Académicos 2013-2014 e 2014-2015), tras a realización das tarefas correspondentes ao Curso 2013-2014 en dito estudo, destaca a invisibilidade do Pedagogo/a como profesional na Clasificación Nacional de Cualificacións, a pesares que, de acordo coa estrutura seguida en dita Clasificación, o Graduado/a en Pedagogía podería inserirse nos grupos profesionais 1, 2 e 3, concretando as diferentes ocupacións que podería desenvolver. Polo tanto, á vista dos resultados obtidos, e importante darlle continuidade a dito traballo, realizando un cruce entre as ocupacións do Catálogo Nacional de Ocupacións e as saídas profesionais recollidas na Memoria do Título, chegando a reformular, se procede, estas últimas, posto que, deste xeito, podería servir como referente para determinar con maior claridade parte da proxección da carreira profesional dos egresados/as de dita Titulación.

Por todo o exposto, enténdese que non existen dificultades vencelladas co grao de cumprimento do presente criterio, ao tempo que non se produce ningunha modificación sustancial do contexto que implique a necesidade de mudar dito apartado no Grao en Pedagogía, posto que a relevancia e o interese académico, científico e profesional do Título segue a ser de gran relevancia e non sufriu modificación algunha.

Por todo o exposto, enténdese que non existen dificultades vencelladas co grao de cumprimento do presente criterio, ao tempo que non se produce ningunha modificación sustancial do contexto que implique a necesidade de mudar dito apartado no Grao en Pedagogía, posto que a relevancia e o interese académico, científico e profesional do Título segue a ser de gran relevancia e non sufriu modificación algunha.

BOAS PRÁCTICAS:

Mesa redonda con profesionales traballando en distintos ambitos da pedagogía, que mostran las posibilidades laborales dos pedagogos no noso contexto

PROPOSTAS DE MELLORA: Continuar coa análise ocupacional da Pedagogía no mundo do traballo xa iniciada ca finalidade de reformular, se procede, as saídas profesionais recollidas na Memoria do Título, co fin de adaptar dita Titulación ás demandas do mercado laboral actual.

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
3. Competencias							
<i>Valorarase o criterio de “Competencias” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de “Obxectivos do plan de estudos” do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D

Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

A Comisión da titulación do Grao en Pedagogía tomou a iniciativa de revisar as competencias xerais e específicas da titulación que se contemplan en cada materia da titulación. O procedemento para facer efectiva esta análise requeriu a elaboración de dúas enquisas específicas –unha que permitise o tratamento das competencias transversais e outra das específicas da titulación– dirixidas ao profesorado con docencia no Grao de Pedagogía. O obxectivo das enquisas estaba enfocado a coñecer como cada profesora/or percibe o desenvolvemento das competencias que se formulan no título e nas materias das que é responsable. Esta visión global pretende ao tempo servir de base para un traballo máis detallado nas reunións de coordinación de curso. O formato das mesmas foi electrónico, de modo que se axilizase a comunicación e a agregación de resultados, para o que se utilizou a plataforma GoogleForms. O período de consulta desenvolveuse durante os meses de abril e maio de 2014. Este é o enlace utilizado para a enquisa electrónica:

https://docs.google.com/forms/d/1NITBgxTTPGXY584xXBevJqa8UR5XqnLyEb-1bZN2sqQ/viewform?usp=send_form.

Indicouse que cada docente cumprimentaría unha ficha para cada unha das materias das que formar parte do seu Plan Docente Anual, sexa como docente único ou como docente que comparte as materias con outras persoas. No caso de que a docencia fose compartida, as persoas responsables das materias poderían cumprimentar unha soa ficha –por non haber diferenciacións de envergadura nos encargos de cada unha das partes asignadas– se así o consideraban oportuno.

Na enquisa sobre as competencias transversais, as sete formulacións principais foron desagregadas en 28 items que corresponden aos enunciados do propio título. Utilizouse unha escala (de 1 a 5) coas seguintes inidcacións de valoración: 1.- Sempre. 2.-Moitas veces. 3.-Bastantes veces. 4.- Raramente. 5. Nunca.

Polo que se refire á enquisa sobre as seis competencias específicas do Grao en Pedagogía, foron desglosadas en 49 items, sendo a escala a utilizar (de 1 a 5) en correspondencia aos seguintes valores: 1.- Non procede. 2.-De modo insuficiente. 3.- De modo básico. 4.- De modo suficiente. 5. De modo máis que suficiente.

As respostas proporcionadas polo profesorado fixeron posible o achegamento de información valiosa que permitirá ir mellorando as condicións en que se desenvolve o Grao en Pedagogía e as modificacións que deban propoñerse. En termos xerais o profesorado considera que o alumnado adquire as competencias indicadas nas súas materias. Os datos máis salientables presentáronse en reunión de coordinación celebrada o 07/07/2014 como comisión de coordinación e o 11/07/2014 coa presenza do conxunto de profesorado con docencia no Grao de Pedagogía.

Enunciamos a continuación os resultados específicos de cada unha das competencias transversais:

1.T Expresarse e comunicarse facendo uso de diferentes códigos e recursos (lingüísticos, materiais e tecnolóxicos).

O 100% do profesorado contribúe á capacitación na expresión de ideas propias en traballos académicos e a comunicar ideas oralmente tanto en galego como en castelán. No caso de que a competencia se refira ao manexo de recursos tecnolóxicos as porcentaxes concrétanse nun 5% en castelán, un 82% em ambos e un 14% en outros idiomas.

Un 68% do profesorado manifesta que o seu alumnado aprende “sempre” a respectar aspectos formais na presentación de informes escritor, así como a manexar fontes de referencia, e nunha porcentaxe do 58% a

- Colaborar con persoas doutras titulacións: bastantes veces 26%; raramente 58%; nunca 16%.
- Manter interacción social con públicos diversos: moitas veces 21%; bastantes veces 37%; raramente 37%; nunca 5%.
- Manter interacción social con públicos diversos: moitas veces 24%; bastantes veces 35%; raramente 35%; nunca 6%.
- Participar nas actividades académicas programadas na Facultade: sempre 11%; moitas veces 26%; bastantes veces 37%; raramente 26%.
- Secundar accións de cooperación con organizacións profesionais: sempre 5%; moitas veces 32%; bastantes veces 16%; raramente 32%; nunca 16%.
- Compartir información resultado de traballos académicos: sempre 42%; moitas veces 42%; bastantes veces 11%; raramente 5%.
- Prestar axuda a outras persoas con ou sen relación co seu curso: sempre 5%; moitas veces 42%; bastantes veces 16%; raramente 32%; nunca 5%.

3.T Desenvolver unha actitude autocrítica, así como de reflexión, análise e síntese respecto dos coñecementos, tarefas e cometidos nos que participan.

As porcentaxes indican o grado en que o profesorado traballa activamente a competencia nas súas materias. Así entendido, o alumnado aprende:

- a emitir xuízos académicos sobre documentoss escritos nun 40%; documentos audiovisuais nun 28%; datos estatísticos nun 15%; e sobre outro tipo de soportes de información nun 17% das materias que cursan.
- a reflexionar sobre as tarefas que acomete: sempre 68%; moitas veces 26%; bastantes veces 5%.
- a facer autocrítica sobre os propios traballos académicos realizados: sempre 63%; moitas veces 16%; bastantes veces 11%; raramente no 11% das materias que conforman a mostra da enquisa.
- a sintetizar ideas propias o formuladas por outras persoas: sempre 68%; moitas veces 16%; bastantes veces 11%; e raramente no 5%.

4.T Involucrarse na resolución de problemas.

O alumnado nas materias consultadas aprende a:

- Relacionar información cos problemas formulados: sempre 53%; moitas veces 37%; bastantes veces 11%.
- Propoñer accións orientadas á formulación de solucións: sempre 58%; moitas veces 11%; bastantes veces 26%; raramente 5%.
- Tomar postura ante diversos dilemas: sempre 47%; moitas veces 32%; bastantes veces 16%; e raramente no 5% das materias.

5.T Implicarse activamente na toma de decisións.

O profesorado afirma traballar activamente esta competencia nos ámbitos de decisión seguintes:

- na toma de decisións relativas á persoa a título individual, 37%.
- nas relacionadas coa actividade de aula, 41%.
- nas relativas á Facultade de Ciencias da Educación, 15%.
- nas relacionadas coa Universidade de Santiago, 7%.

6.T Manter unha permanente actitude de formación e actualización respecto do seu desempeño profesional, así como

das realidades afectadas pola súa práctica.

As respostas recibidas posibilitan unha panorámica sobre a contribución das materias en cuestións como:

- tomar conciencia das súas propias capacidades intelectuais (51%), emocionais (41%), ou físicas (8%).
- ter un sentimento de competencia persoal para aprender por sí mesmo, que se pode concretar na organización do tempo de estudo (37%); na motivación intrínseca para aprender (35%); ou no gusto por aprender (28%).

7.T Demostrar profesionalidade integrando teoría e práctica

Como quedou indicado, as porcentaxes refírense ao grao en que o profesorado manifesta traballar activamente esta competencia nas súas materias. Así entendido, o alumnado aprende:

- a aplicar un código ético da profesión pedagóxica: sempre 42%; moitas veces 26%; bastantes veces 21%; raramente 5%; nunca 5%.
- a completar los marcos teóricos con actividades en la práctica: sempre 58%; moitas veces 26%; bastantes veces 11%; raramente 5%.
- a fusionar conceptos e correntes pedagóxicas: sempre 26%; moitas veces 32%; bastantes veces 42%.
- a completar las experiencias prácticas con reflexións teóricas: sempre 53%; moitas veces 32%; bastantes veces 5%; raramente 5%; nunca 5%.

Unha síntese dos resultados das enquisas está aloxado na páxina web do centro http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/cc_educacion/descargas/Grao_en_Pedagogxa_-_Cuestionario_de_competencias_-_Curso_acadxmico_2013-14.pdf

Será precisa unha análise de carácter lonxitudinal ao longo dos catro cursos que comprende o título de Pedagogía para artellar accións que posibiliten mellorar a intensidade no traballo específico que as diferentes materias desenvolven co alumnado. Así mesmo contrastar as opinións do profesorado coas do alumnado e os traballos que desenvolven os egresados. Todo isto pensado para accións futuras.

REVISIÓN DA INFORMACIÓN DAS FICHAS E DOS CORRESPONDENTES PROGRAMAS DE MATERIAS

Ante a proposta de mellora que implicaba a revisión das competencias xerais e específicas da titulación de Grao en Pedagogía a Comisión de Coordinación organizou un proceso de consulta ao profesorado de Pedagogía para concretar as modificacións que debían propoñerse nas fichas das materias unha vez que se consolida a experiencia docente e a aplicación da normativa que afectou á organización docente da mesma. Esta consulta fíxose por correo postal indicando a cada docente que revisase as indicacións das fichas do título e os programas das materias.

Sobre un total de cuarenta e dúas materias (das que quedaron excluídas nesta ocasión o Traballo Fin de Grao e o Practicum por estar a seguir procesos de coordinación interna), recibíronse trece propostas que afectaban as materias de: 101 Antropoloxía da educación; 109 Teoría da educación; 110 Documentación e Información Educativa; 221 Didáctica; 229 Pedagogía intercultural; 321 Diagnóstico pedagóxico; 323 Avaliación de programas; 322 Deseño e implementación de plans e programas de formación; 328 Tecnoloxía educativa; 450 Multimedia e Software educativo; 443 Formación en rede; 447 Pedagogía hospitalaria; 452 Educación ao longo da vida. As propostas concretábanse en asuntos como: o cuadrimestre no que se imparte a materia; a Lingua ou linguas nas que se imparte a docencia; a Distribución de competencias; as Actividades formativas presenciais e de traballo persoal do estudante; as Metodoloxías de ensino aprendizaxe; os Resultados da aprendizaxe que o alumnado debe acadar; o Sistema de avaliación da adquisición das competencias; e os Contidos

Todas elas foron informadas positivamente en tanto que non supuñan modificacións substanciais do título en canto á súa natureza e obxecto.

INDICADORES

- O alumnado egresado maniféstase satisfeito coa docencia recibida (3.85)
- O profesorado síntese satisfeito coa docencia impartida (3.91)

BOAS PRÁCTICAS:

O profesorado cumprimentou a enquisa e tiveron retroalimentación sobre a mesma nunha reunión de coordinación onde foron presentados os resultados. Reflexión e formación sobre a docencia que se imparte

PROPOSTAS DE MELLORA: Estimular a realización de estudos de investigación sobre a formación do Grao en Pedagogía.

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
4. Acceso e admisión de estudantes							
<i>Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	
<p>Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:</p> <p>A valoración relativa a este criterio resulta suficiente, xa que neste apartado quedan debidamente reflectidos os sistemas de información previa, a matriculación e os procedementos accesibles de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso para facilitar a súa incorporación á titulación de grao en Pedagogía da USC</p> <p>A captación de estudantes dacordo co perfil e a oferta de prazas da titulación segue a mellorar; mostra disto a nota media de acceso por preinscripción foi no curso 2013-14 de 7,63 o que indica que dende o inicio de implantación do grao en Pedagogía segue aumentando. Ademais, a porcentaxe de estudantes que se matricularon cunha puntuación maior que 6 constituíu un 97,37% o cal supón un mantemento con respecto ao curso anterior. A porcentaxe de alumnos extranxeiros segue a aumentar lixeiramente supoñendo neste curso un 1,9% da totalidade de estudantes. Nembargantes a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre os matriculados descendeu con respecto ao curso anterior situándose nun 1,9% debido ao empeoramento das condicións económicas de financiación dos programas de intercambio.</p> <p>Durante o curso 2013-14 non houbo ningún alumno-titor dado que as prazas que se ofertaron no curso 2012-13 quedaron desertas. Traballouse a reo na mellora da difusión para a nova convocatoria deste curso a través da páxina web da Facultade, os tablóns de anuncios, as aulas virtuais de coordinación e a difusión presencial entre os alumnos das aulas aos que ía dirixida esta convocatoria. Tras esta difusión conseguiuase cubrir as catro prazas que se ofertaban na facultade de Ciencias da Educación. Durante o curso 2013-14 estas 4 alumnas recibiron a súa formación xeral (USC) e específica (na propia Facultade) que as habilitou para exercer de titoras no próximo curso (2014-15). Habilitouse tamén, como apoio para este programa un aula virtual (na aula Cesga) para complementar a formación específica e poder facer o seguimento das actividades para o próximo curso.</p> <p>Ao igual que o curso anterior, realizouse un programa de acollida dentro do plan de acción tutorial para os novos estudantes no que se introduciron accións encamiñadas a que os novos alumnos e alumnas coñecesen os servizos e infraestruturas dispoñibles no centro para a súa formación académica. Organizouse unha xornada de benvida e presentación para o alumnado o primeiro día de curso e nas primeiras semanas de clase leváronse a cabo dúas accións encamiñadas a mellorar o coñecemento dos servizos e ferramentas básicas para o alumnado mediante un curso de iniciación para o uso da biblioteca e outro curso de uso da plataforma virtual de aprendizaxe da USC.</p>							

Reformulouse, ademáis a guía para alumnos de primeiro curso do Grao de Pedagogía e facilitouse o acceso á mesma a través da páxina web da Facultade:

http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/modules/news/institucional/news_0025.html

Co obxectivo de profundir na importancia da participación nas estruturas colexiadas da facultade, aumentar a responsabilidade na toma de decisións comúns e Implicar ao alumnado na vida da facultade seguiuase a mellorar a participación do alumnado a través da elección de delegados/as de curso. Durante o ano 2013-2014 formalizase un mecanismo de eleccións a delegados donde os alumnos de cursos mais avanzados explicaban aos de primer curso este procedemento e os canais mais habituais de participación. Cada curso realizou unha campaña de selección de candidatos, os mesmos presentaron sus propostas e as elecciónes realizáronse con normalidade fiscalizadas polo profesorado. Os delegados conformaron un grupo que traballo durante o ano de forma conxunta cos coordinadores de curso.

As actuacións desenvolvidas para o primer curso apuntan a la conformación dun plan de acción tutorial que terá continuidade nos anos venideros.

BOAS PRÁCTICAS:

Elaboración dun protocolo de actuación para formalizar las eleccións a delegado de curso.

Talleres e cursos para alumnado do primer curso, sobre o funcionamento da biblioteca e do campus virtual.

PROPOSTAS DE MELLORA:

Ampliar as xornadas de acollida para o desenvolvemento da identidade institucional dando a coñecer a estrutura xeral da Universidade, os organos de goberno, su funcionamento etc. Ao mesmo tempo propónse ampliar a participación do alumnado dando a coñecer as condiciones do título, os informes de seguimento e as propostas de mellora de cada ano.

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
5. Planificación das ensinanzas							
<p><i>Valorarase o criterio de “Planificación das ensinanzas” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e as directrices de “Planificación da ensinanza”, “Garantía da calidade dos programas formativos” e “Xestión do proceso de ensinanza-aprendizaxe” do Programa FIDES-AUDIT.</i></p>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:</p> <p>A valoración que merece o criterio de ‘Planificación das ensinanzas’ da MVT e as directrices de “Planificación da ensinanza”, “Garantía da calidade dos programas formativos” e “Xestión do proceso de ensinanza-aprendizaxe” do Programa FIDES-AUDIT, resulta suficiente; en tanto que se adecúan perfectamente aos obxectivos e perfil do Título; e presentando unha estrutura modular que permite un achegamento teórico-conceptual ás diferentes realidades que significan os contextos e ámbitos de acción-intervención socioeducativa, ademais da formación práctica que comporta o título; garantindo a adquisición de competencias xerais e específicas. A súa planificación responde a unha lóxica interna que atende a diferentes módulos que integran realidades, perspectivas e servizos/recursos; a fin de que teñan os coñecementos, competencias e recursos metodolóxicos necesarios para poder analizar, interpretar e intervir nas diferentes realidades educativas.</p> <p>Ao longo do curso 2013-2014 seguiron a afianzarse entre o profesorado do título e o alumnado as figuras de Coordinador de título e Coordinador de curso. Neste ano académico, fixéronse moito máis visibles as súas funcións, sobre todo, entre o alumnado que ve nesta figura unha peza clave no mellor desenvolvemento do título e a atención ás súas demandas e necesidades. Para elo leváronse a cabo distintas iniciativas, algunhas das cales son continuidade doutras anteriores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - reunións entre a coordinación xeral e as coordinacións de curso, co fin de ir asumindo as funcións, redistribuír tarefas, facer propostas de mellora, etc. Fixéronse en total 12 reunións de traballo, dúas delas coa asistencia do Decano da Facultade. Os acordos figuran nas actas correspondentes. - reunión da coordinación cos alumnos delgados de curso e o decanato para planificar distintas accións de mellora, entre elas, e a proposta do alumnado, una pantalla informativa no hall da facultade. - reunións cuatrimestrais de cada coordinador de curso co alumnado para avaliar o desenvolvemento do curso e estudar propostas de mellora. - reunións entre todo o equipo de coordinación e o profesorado da titulación para analizar aspectos clave da titulación: estrutura modular, competencias, avaliación, superposición de contidos, etc. Leváronse a cabo tres reunións. A primeira o 5-12-2013 co obxecto de preparar o curso; a segunda o 30-4-2014 para presentar o cuestionario de competencias e a revisión das fichas; e a terceira o 7-7-2014 para presentar os resultados das fichas, competencia e revisar as materias. Todos os acordos foron recollidos nas actas correspondentes. 							

Entre as funcións da coordinación está a aplicación ao alumnado dunha enquisa de satisfacción respecto da ensinanza recibida así como dos diversos servizos que lle ofrece a (biblioteca, conserxería, cafetería, etc.,) o que nos proporciona datos fiables para ir acometendo cambios e melloras nos procesos. Un dos temas máis importantes plantexados polo alumnado é a necesidade de axustar o calendario do practicum e os prazos para os TFG.

En todo caso, as prácticas externas teñen unha boa valoración por parte dos tres colectivos implicados: os estudantes (IN19G-PC-09) cunha media de 3,85, os titores externos (IN20G-PC-09) coa media máis alta (4,14) e os titores académicos cunha media moi similar aos anteriores (4,02) (IN21G-PC-09).

Seguimos a traballar para actualizar as bases de datos coas visitas realizadas a centros/equipamentos/recursos por curso e materia en cada grao, a fin de non solaparse, o que nos permite rendabilizar esforzos e recursos, contribuíndo á mellor xestión e planificación da actividade docente.

Para elo ao profesorado do grao pasóuselle, de novo, unha rexilla para o rexistro das actividades previstas con datas aproximadas co fin de obter unha primeira información

Aínda que estamos inmersos nun proceso de mellora continua, un bo indicador do que estamos a realizar é o nivel de satisfacción do alumnado coa docencia recibida que se sitúa nunha media alta (3,85) Mentras que a media da Universidade é de 3,78 (IN46-S01-PM-01).

Tamén o traballo realizado leva a que a satisfacción do profesorado coa docencia impartida sexa alta (IN47G-S01-PM-01) cunha media alta (3,90), e a media da Universidade e de 3,76.

Neste curso revisouse de forma específica a distribución de materias por cursos. Partimos da mesma estrutura do título, os módulos e itinerarios (obxectivos, materias, etc.). Grazas ás reunións e ao cuestionario para o alumnado detectamos a necesidade de solicitar pequenos cambios que poderán estar vixentes durante o curso 2015-2016, pero que no afectan a estrutura xeral do título: cambio de ano e aínda de cuadrimestre de algúns materias, pensando tamén na mellor articulación do practicum. Estes cambios foron consensuados nunha reunión co profesorado e co equipo decanal. Concretamente, as materias optativas de Pedagogía Familiar e Pedagogía Penitenciaria pasarán de cuarto ao terceiro curso, dado que son dous ámbitos moi demandados polo alumnado para a realización do practicum. Os dous practicum xúntanse no cuarto curso do título para que o alumnado poida ter continuidade no deseño da intervención que deben realizar.

Ademais, os coordinadores de curso seguiron a manter reunións cos profesores de módulos e itinerarios para revisar os programas de estudo e acometer melloras: contidos, avaliación, bibliografía, etc.

Co obxectivo de acercar ao alumnado á realidade socio-laboral planificouse, novamente tamén neste ano, unha mesa redonda coa participación de pedagogos que traballan en diferentes contextos, para axudar ao alumnado a visualizar o seu campo de traballo, sobre todo en 1º ano que é cando ve máis afastado o perfil profesional. Esta actividade é moi ben valorado polo alumnado e tamén polos profesionais invitados. Nembargante, propóñase profundizar este traballo con un taller de formación ocupacional para os alumnos do cuarto curso, co obxecto de aumentar niveis de eficiencia das competencias relacionadas con este fin.

Os programas de todas as materias do grao están dispoñibles na páxina web en, a lo menos, dous idiomas. http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9

O profesorado cumpriu cos prazos establecidos pola Universidade para a avaliación do alumnado. As actas entregáronse maioritariamente no prazo marcado con un 8,24 de actas fora do prazo sobre 90 (IXA-G04).

Neste ano comezouse a empregar o instrumento de avaliación para orientar aos Tribunais de Traballo Fin de Grao. Aprobouse en Xunta de Facultade o Regulamento do TFG, que se demorou polas modificacións da normativa da Universidade.

Tamén se adiantaron de forma importante os prazos de asignación de titor/a aos alumnos o que permitiu comezar a traballar moito antes axeitándose todos os mecanismos de organización que así lo permiten.

A titulación conta con tres Grupos de Innovación Docente recoñecidos pola Universidade. Os docentes da titulación están implicados en distintos proxectos de innovación educativa facendo un importante esforzo de formación e transferencia. **Innov-arte (Grupo de Innovación Docente Educación Artística e Innovación), PAIDEIA (Grupo de Innovación Docente), e STINN (Grupo de Innovación Docente STELLAE INNOVA)** (Ver <http://www.usc.es/gl/servizos/pfid/gruinodoc/lisgruinodoc.html>).

Entre os proxectos de innovación docente destaca a continuidade do Proxecto de Aprendizaxe-Servizo Peinas (2ª curso. Materia de Pedagogía Intercultural) que se leva desenvolvendo dende o inicio do grao e que foi considerado como boa práctica pola Fundación Zerbikas.

Tamén destacamos como en diversas materias se traballa con Técnicas de Aprendizaxe Cooperativa (Jigsaw e Xogo-concurso de DeVries) dentro dunha perspectiva constructivista, axudando ao alumnado a desenvolver as súas competencias cívico-sociais.

Existe por parte do profesorado do título unha forte implicación para o desenvolvemento da terceira misión da universidade, centrada neste caso no desenvolvemento das devanditas competencias no alumnado, tal é como recolle o Estatuto do Estudante Universitario (RD 179/2010, de 30 de decembro), o Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (RD 1027/2011 de 15 de xullo) e a Estratexia Universidade 2015.

Ademais, contase cun sistema de xestión das incidencias, reclamacións e queixas para alumnado e profesorado que permite una áxil resposta aos problemas plantexados buscando a negociación e o acordo entre as partes implicadas.

Con respecto a proposta de mellora no relativo a normalización lingüística se realizaron as seguintes actividades:

- Participación nos IX premios á calidade lingüística dos traballos fin de grao e dos proxectos fin de carreira en galego (curso 2013-2014). (a data de finalización dos traballos rematou o 30 de setembro e presentáronse en pedagogía 4 de traballos (foi a titulación de CC. Sociais e Xurídicas que máis se presentou-pendente de resolución).
- Preparación da sesión de traballo conxunto na preparación da Xornada de Educación e Linguas que nun futuro próximo se realizará co profesorado
- Organización das VII Xornadas de Recursos Educativos en Galego. (tiveron lugar hai uns días). (http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/modules/news/institucional/news_0031.html).
- Organización do VII Ciclo de Teatro Comunitario, organizado conxuntamente pola Facultade de CC. Da Educación de Santiago, Centro Sociocultural de Sta Marta e Concellaría de Cultura. Nel participou alumnado e profesorado da Facultade e estivo dirixido ao público universitario en xeral, especialmente ao pertencente á Facultade de CC. Da Educación. (http://ocartafol.usc.es/cartafol/contidos/novas/novas_0175.html). (Neste intre estase traballando na VIII Edición).
- -Apoio/colaborouse dende algúns departamentos a organización de xornadas relacionadas coa normalización lingüística e os recursos en galego <http://nova-escola-galega.org/WebDefault.aspx?MenuInd=1&MenuId=337&Lng=gl-ES&tl=0>
- Creación do II Certame Literario da Facultade de Ciencias da Educación e inclusión da entrega dos mesmos no

BOAS PRÁCTICAS: -

Planificación anual por curso das visitas atendendo ás materias implicadas e aos recursos dispoñibles.

- Reunións de coordinación intra e inter curso.
- Coordinación de programas.
- Mesa redonda con profesionais.
- Cuestionario propio de satisfacción para o alumnado.
- Regulamento dos TFG.
- Proxecto de ApS Peinas.
- Técnicas de Aprendizaxe Cooperativa.
- Grupos de Innovación Educativa.

PROPOSTAS DE MELLORA:

- a) Diseñar la detección de necesidades de formación para a elaboración dun Plan de formación do profesorado da titulación.
- b) Realización dun taller de orientación laboral para o alumnado de cuarto curso da titulación.

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
6. Recursos humanos							
<i>Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:</p> <p>A información de PDI e PAS é pública. Na páxina web reflíctese as materias que se imparten, os horarios de titoría e os modos de contacto. Tamén se encontra de pública disposición a situación contractual do PDI e o Departamento e a área de coñecemento á que pertence. A cantidade de profesorado que imparte docencia no título é de 45, 16 máis dos previstos na memoria para a solicitude do título. Este feito débese a que a maior parte deles, imparte docencia en máis dunha titulación e a que moitas materias esta impartida por máis dun profesor/a.</p> <p>Entre o PDI que imparte na titulación, o 88,1% é doutor (IN25G-PS-01) e o 52,38% conta con sexenios recoñecidos pola ANECA (IN24G-PS-01). Isto aumentou no último ano, o que demostra que se conta con profesorado experto na súa área de coñecemento con suficiente capacidade investigadora para levar adiante a tarefa de ensino das diferentes asignaturas que se imparten no título. Aínda que é importante poñer de relevo que non impartir docencia de forma exclusiva no título, limita a concentración de esforzos e a visión completa da formación que reciben o alumnado. Pola outra banda a reducido o número de PDI funcionario a 59,52 (IN26G-PS-01), o grupo restante corresponde a profesorado contratado, contratado interinos de substitución con escasa estabilidade e tamén a un pequeno número de profesorado asociado de tempo parcial. Esta situación podería estar limitando as posibilidades de proxectos estratéxicos a longo prazo tales como as propostas formativas, e a especialización e estabilidade en docencia de determinadas materias. Esta situación que se foi agravando no último tempo ten os seus efectos nas enquisas de satisfacción do alumnado pola docencia recibida, que decaeu nos últimos anos, de 4,86 a 3,85 (IN46G-S01-PM-01). Con una tasa de resposta de 32,94 (IN48G-PM-02) Satisfacción do profesorado coa docencia impartida, 3,74 INF.14 (Informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida. Curso académico 2012/2013).</p> <p>Cabe resaltar neste sentido tamén a gran carga docente do profesorado das áreas implicadas nesta titulación, a maior parte delas deficitarias de forma estrutural, tal como o menciona a memoria do título. Situación que aínda non se corrixiu no fundamental. As clases expositivas contan cunha media de 66,36 alumnos (IN31G-PS-01) mentras que a media da USC é de 49,12 e as interactivas con 28,99, (IN30-PS-01), con unha media da USC de 22,46 o que determina as condicións da docencia desenvolvida</p> <p>A Ratio de estudante por profesor a tempo completo é de 8,29 cunha media da Universidade de 6,00 (IN30-PS-01) o que indica que se trata dun profesorado que ten a su cargo unha alta cantidade de alumnos baixo a súa responsabilidade.</p> <p>Tendo todo isto en conta, os resultados de satisfacción, tanto de alumnado coma de profesorado poden considerarse satisfactorios, aínda que se fai necesaria unha revisión dos aspectos que poderían estar a influír na mingua da porcentaxe de satisfacción do alumnado e encontrar solucións ás problemáticas formuladas. Nese sentido, continuase coas reunións de coordinación e co o traballo de análise das competencias do título para a mellora destas condicións.</p>							

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
7. Recursos materiais e servizos							
<i>Valorarase o criterio de “Recursos materiais e servizos” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de “Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos” do Decreto 153/2012.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :							

Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

Logo deste período de implementación do título, faise necesario puntualizar outros aspectos relativos aos recursos materiais e de servizos, baseados nos planteamentos realizados nos informes anteriores.

Según a enquisa de satisfacción dos egresados (G3081V01) en relación aos recursos materiais e servizos, cunha media de 3,5, a biblioteca é a mellor valorada co 3.99 e as aulas de informática as que puntuación máis baixa obtiveron 3,06. E o grao de Grao de satisfacción dos egresados cos Servizos é de 3.33 **(IN33-PS-03)**.

Polo outro lado, o Informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida. Curso académico 2012/2013 indica que o material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo,...) son axeitados para o desenvolvemento da materia en un grao de 3.42.

É de destacar que a biblioteca conta nestes momentos cos seguintes fondos bibliográficos al 18/03/2013:

Total de volumes: 110.745(monografías) (Se refire a monografías en calquer formato: impreso, microforma,cd e electrónico. Compre sulñar o forte recorte presupostario que tanto afectou á colección de libros como á de revistas, sendo esta última a máis perxudicada debido ao peche sistemático de subscricións que se producen anualmente).

Total de títulos de revistas: 1.615, dos cales 212 se mantén aberta a subscrición. O total de títulos de revistas tanto abertas como pechadas inclúe as impresas e as electrónicas.

Total de postos de lectura: 198 (moi por debaixo da ratio para bibliotecas universitarias que establece 1 posto de lectura por cada 5 alumnos matriculados). Durante o curso 2013/2014 a biblioteca situada no campus vida levou a cabo a reforma dos espazos que ocupaba co fin de dispoñer en libre acceso toda a súa colección. Para elo, e dado que dita reforma non contemplaba un aumento dos espazos, foi necesario suprimir postos de lectura para, no seu lugar, colocar a estantería que permitiría o acceso libre á colección.

Por outro lado, a biblioteca dispón do 90% das demandas de bibliografía que solicitan os alumnos segundo as bibliografías recomendadas polo profesorado. O persoal da Biblioteca imparte cursos de formación para todos os alumnos, tanto os que acceden por primeira vez á universidade como para aqueles que se atopan en etapa de Traballo Fin de Grao, Traballo Fin de Máster e de etapa de Tese. Cursos que se imparten presencialmente e tamén a través da plataforma on line da Universidade.

No que respecta ás aulas de informática, cabe destacar que o alumnado do título ten acceso a dúas aulas de informática (unha destinada exclusivamente á docencia especialista e outra aberta ao alumnado para o seu uso libre). Estas aulas son xestionadas polo sistema RAI (Rede de Aulas Informáticas) da Universidade, tanto no referente a software coma a hardware. A aula destinada á docencia encóntrase con hardware e software en bo estado e actualizados, aínda que o profesorado especializado demanda recursos específicos para a docencia como por exemplo unha Pizarra Dixital Interactiva (PDI). Na aula de uso libre mantén a situación coano anterior, sobre todo debido aos problemas

Cabe destacar que o alumnado tamén ten acceso a través o WIFI en toda a Facultade, servizo que foi ampliado durante o curso 2012-2013.

Económicos polos que atravesaba a USC. Isto afecta a actualización do hardware e no referente aos seus horarios de apertura. Cabe dicir que esta depende de dous bolseiros contratados pola Universidade. Os bolseiros/as colaboran no funcionamento da Aula de informática do Centro, cunha dedicación de 15 horas semanais. A xuízo do alumnado isto se ve insuficiente.

Con fecha 23 de xullo de 2014 procedíose a limpeza, actualización e revisión dos equipos informáticos das aulas de informática e instalóuse o software solicitado polo profesorado:

- o EDILIM 4.1 (aula 16)
- o AUMENTATY 1.2 (aula 16)
- o ARDORA 6.6 (aula 16)

Cabe destacar que o alumnado tamén ten acceso a través o WIFI en toda a Facultade, servizo que foi ampliado durante o curso 2012-2013.

En canto aos recursos informáticos para o desenvolvemento da docencia do curso 2012/2013 son 96 distribuídos nas diferentes aulas (INF. 01) Cabe destacar que no corrente curso formalizose a compra e actualización de algúns destes recursos (evidencia Altas de Benes inmuebles Fac. de Cs da Educación).

Os Ordenadores conectados á rede para docencia por estudante equivalente a tempo completo e de 5,6 (Fonte: http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidade/descargas/GRAO2013/2013-11-30_Ordenadores_docencia_por_estudiante_TC.pdf).

A facultade conta ademais con recursos que no están fixos nas aulas e que están disponibles para su uso (ordenadores portátiles, cámaras de vídeo, etc.). Todos están inventariados e xestionados dende a conserxaría da Facultade, cun protocolo de préstamo y notificación de avarías elaborado ad hoc. Durante o ano académico 2013-2014 se elaborou un protocolo de uso dos recursos, que esta accesible na paxina web da facultade (http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/nomativa.html) e fíxose accesible o inventario de estes recursos.

A Facultade conta tamén cunha sala dotada de videoconferencia. Para a súa utilización dispúxose dun programa de formación específica e elaborouse un titorial de apoio, ademais dun protocolo de actuación.

No SERVIZO DE RECURSOS PSICOPEDAGÓXICOS durante o curso 2013-2014 realizouse o cambio de espazo físico para mellorar as súas prestacións, tales como favorecer a accesibilidade ás probas e recursos en depósito así como ofrecer a posibilidade de traballo en pequeno grupo por parte de alumnado e profesorado da titulación, en especial para o apoio a sesións interactivas de laboratorio en materias afíns.

Coa intención de facer visible o servizo a profesorado e alumnado da facultade colocáronse diferentes carteis indicadores da localización do espazo físico do servizo en lugares específicos e permanentes (entradas ao edificio, escaleiras, corredores, etc.).

Tamén se creou un novo espazo virtual sobre o SRP (srpusc.blogspot.com) coa intención de facilitar a difusión da súa actividade (información de horarios de atención, localización, etc.) e para servir de ferramenta de apoio a docentes, alumnado e investigadores/as (acceso ao catálogo de probas e recursos, acceso directo a editoriais especializadas no ámbito, etc.)

A finais do 2013 migrouse todo o catálogo de probas e recursos a unha nova base de datos máis funcional, que tamén posibilitou a consulta da base do catálogo onli creado na web.


Aproveitando o proceso de migración da base de datos do catálogo do SRP, introducíronse novas probas e recursos para consulta e préstamo aos membros da Facultade de CC. da Educación. Foron un total de 30 novidades que abarcan ámbitos moi variados da psicopedagogía: avaliación de aptitudes, intelixencia, hábitos de estudo, linguaxe escrita, personalidade, desenvolvemento evolutivo, trastornos de conduta, etc.).

Prestamos globais por tipo de usuario (setembro 2013-xullo 2014):

Aproveitando o proceso de migración da base de datos do catálogo do SRP, introducíronse novas probas e recursos para consulta e préstamos aos membros da Facultade de CC. Da Educación. Foron un total de 30 novidades que abarcan ámbitos moi variados da psicopedagogía: avaliación de aptitudes, intelixencia, hábitos de estudo, linguaxe escrita, personalidade, desenvolvemento evolutivo, trastornos de conduta, etc.)

* Os préstamos ao alumnado contabilizaron todos como individuais aínda sendo para traballos en grupo, polo que a porcentaxe real de alumnos/as usuarios no período sinalado foi maior ao recollido no gráfico.

** Número estimado de usuarios totais beneficiados pola actividade do SRP no Grao en Pedagogía durante o período indicado: de 80 a 100 persoas



BOAS PRÁCTICAS: Formular unha proposta de mellora da Aula de Informática en conxunto coa coordinadora da mesma

PROPOSTAS DE MELLORA:

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

8. Resultados previstos

Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES AUDIT.


Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

A taxa de rendemento do Título para o ano 2013-2014 acadou o valor de 87.98 (IN34G-S01-PM-01) e a taxa de éxito é de 94.92 (IN35G-S01-PM-01), os cales se corresponden cos valores máis elevados no que atinxe a estes dous aspectos dende a implantación do Título, como se reflexa no Gráfico 1, o cal, en liñas xerais, amosa unha evolución significativa durante os últimos anos. Por outra banda, a taxa de avaliación é de 92.68 (IN36G-S01-PM-01), mentres que a duración media dos estudos é de 4.3 anos (IN38G-S01-PM-01) e a eficiencia dos titulados do 95.42% (IN39G-S01-PM-01). A taxa de abandono durante o primeiro curso dos estudos de Pedagogía é do 12% (IN41G-S01-PM-01), o que supón un descenso considerable en relación co valor do curso académico 2012-2013, onde dita taxa de abandono acadaba o 16%.

Gráfico 1. Taxa de Rendemento e Éxito Académico



Fonte: IN34G-S01-PM-01 // IN35G-S01-PM-01

En canto á inserción laboral dos titulados, os informes mostran que o 44.4% está traballando en algo referido á súa profesión e que a media de demora en atopar emprego é de 8.59 meses (Análise da inserción laboral dos titulados segundo o SUG (2008-2009)), a pesares de que un 46.8% dos Titulados atopan traballo nun período de tempo inferior a tres meses. A totalidade destes datos amosa o bo funcionamento de desenvolvemento do Título e a súa validez no momento actual.

Por outro lado, a porcentaxe de alumnado que volvería a cursar dita carreira é do 50%, o cal demostra un grao de satisfacción aceptable para coa Titulación.

stante, como pode observarse no presente informe, existen múltiples cuestións de cara a seguir traballando na súa mellora. Destaca a necesidade de continuar traballando coa definición das ocupacións codificadas no Catálogo Nacional co obxecto de identificar aquelas que sexan afíns á Titulación de Pedagogía, o cal supón unha continuación do traballo xa iniciado no curso 2012-2013, fundamentalmente, co obxecto de realizar a implantación do título no sistema laboral e produtivo, o que permitirá que a profesión de Pedagogo/a acade o lugar, o valor e o prestixio merecido no Catálogo Nacional de Cualificacións.

BOAS PRÁCTICAS:**PROPOSTAS DE MELLORA:****BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :**

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

9. Sistema de garantía da calidade

e o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e o Sistema de Garantía da Calidade (SGC) do Centro.

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

O grao de cumprimento do criterio de 'sistema de garantía de calidade' que se establece na Memoria para a solicitude de Verificación dos Títulos e o Sistema de Garantía Interna da Calidade resulta satisfactorio, polo seu grao de concordancia existente entre ambos. Dende maio de 2013a Universidade ten aprobado un Sistema Marco da USC (<http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/sgic-usc.html>) que implica que os centros teñen que adaptar o Manual Simplificado ás súas particularidades. Nestes momento estamos precisamente adaptando ese Manual Simplificado.

Non obstante estanse aplicando os criterios de calidade en todos os aspectos de desenvolvemento do título. A través da coordinación comezáronse a desenvolver accións que atenden á mellora das condicións en que se está desenvolvendo, tanto no referente á planificación das ensino, como na xestión dos recursos e servizos. Cuestións coas que se pretende continuar no curso 2014-2015. Todas as accións que se veñen desenvolvendo e incorporadas nas accións de mellora no informe de seguimento 2012-2013 enténdese como garantía de calidade do título. Neste sentido, salienta o traballo realizado arredor das competencias do título, analizando el desenvolvemento que estas teñen e as percepcións do profesorado de dito desenvolvemento. Resta traballar dende a perspectiva do alumnado, as súas percepcións e niveis de aplicación de ditas competencias. Cumpre que se esta a traballar nunha investigación lonxitudinal analizando a inserción laboral do alumnado e o emprego de ditas competencias. A esto sumase o traballo realizado (e que continuará) relacionando a titulación co catálogo nacional de cualificacións.

Cabe mencionar o traballo en relación a normalización lingüística realizado durante este período con numerosas actuacións con gran impacto na vida cotiá da Facultade e da titulación.

BOAS PRÁCTICAS:

Tarefas realizadas dende a Comisión de Calidade da Facultade:
http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/plandecalidade.html

PROPOSTAS DE MELLORA:

Lograr maior transparencia das actuacións e compromiso dos afectados a través de ofrecer información ao alumnado acerca dos informes de seguimento do título e as propostas de mellora.

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
10. Calendario de implantación							
<i>Valorarase o criterio de "Calendario de implantación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007).</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións: O calendario de implantación do título está desenvolvéndose de maneira satisfactoria. As materias en extinción da licenciatura están sendo sostidas polo profesorado en seu conxunto, a pesar da carga docente que isto supón.							
BOAS PRÁCTICAS:							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :							

4. ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN, DE MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMENTO	
INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN	
Recomendacións establecidas no informe final	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
INFORME FINAL DE MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS	
Recomendacións establecidas no informe final	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
INFORMES DE SEGUIMENTO (indicar o ano)	
Recomendacións establecidas no informe de seguimento	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)

5. PLAN DE MELLORAS

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM1
		Tipo	Acción de Mellora
	Orixe	Orixe acción	Informe de seguimento
		Descrición orixe	Criterio: COMPETENCIAS /OBXECTIVOS
	Definición	Análise causa	Necesidade de reforzar a conexión co mundo profesional
		Definición/descrición proposta	Relacionar as competencias do título co tipo de traballo dun pedagogo
		Data prevista de finalización	Xaneiro 2015
		Data inicio	Xullo 2015
Responsables	Usuario responsable da implantación	Coordinador/a do grado	
	Outros responsables da implantación	Coordinadores do cursos da titulación	
Tarefa1	Código	AM1-1	
	Descrición tarefa	Establecemento de relacións entre o Catálogo Nacional de Ocupacións e as saídas profesionais recollidas na Memoria do Título	
	Data prevista de finalización	Julio 2015	
	Persoa responsable	Coordinador 4º curso titulación pedagogía	
	Usuario responsable	Profesorado de 4º curso da titulación	
Subtarefa 1	Código	AM1-1	
	Descrición tarefa	Taller de orientación ocupacional para alumnado de 4º curso	
	Data prevista de finalización	Maio 2015	
	Persoa responsable	Coordinadora 4º curso	

	Usuario responsable	Coordinadores de curso da titulación
Finalización	Estado	
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	

Notas:

Cada Acción pode ter varias tarefas.

Cada Tarefa pode ter varias subtareas.

O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM2	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Orixe	Orixe acción	Informe de seguimento	
		Descrición orixe	Criterio: Planificación	
	Definición	Análise causa	Necesidade de continuar na profundización en las acciones de acollida do alumnado de 1º curso	
		Definición/descrición proposta	Realizar actividades para incentivar a identificación coa identidade institucional	
		Data prevista de finalización	Setembro 2015	
		Data inicio	outubro 2015	
	Responsables	Usuario responsable da implantación	Coordinador/a do 1 ano	
		Outros responsables da implantación	Coordinadores do cursos da titulación	
Tarefa1	Código	AM2-1		

	Descrición tarefa	Visitas guiadas pola facultade e a universidade. Actividades de recoñecemento de organización e servizos institucionais
	Data prevista de finalización	setiembre 2015
	Persoa responsable	Coordinador 1º curso titulación pedagogía
	Usuario responsable	Profesorado de 1º curso da titulación
Subtarefa 1	Código	
	Descrición tarefa	
	Data prevista de finalización	
	Persoa responsable	
	Usuario responsable	
Finalización	Estado	
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	

ACCIÓN DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM3	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Orixe	Orixe acción	Informe de seguimento	
		Descrición orixe	Criterio: Planificación	
		Análise causa	Necesidade de realizar un plan de formación do profesorado	
	Definición	Definición/descrición proposta	Detección de necesidades de formación	
		Data prevista de finalización	Xullo 2015	

		Data inicio	Xaneiro 2015
Responsables		Usuario responsable da implantación	Coordinador/a do grado
		Outros responsables da implantación	Coordinadores do cursos da titulación
Tarefa1		Código	AM-3-1
		Descrición tarefa	Elaboración de un cuestionario para detectar necesidades de formación do profesorado
		Data prevista de finalización	Xullo 2015
		Persoa responsable	Coordinador da titulación
		Usuario responsable	Coordinadores do curso
Subtarefa 1		Código	AM3-1-1
		Descrición tarefa	Reunión co profesorado para devolver resultados do cuestionario e plantexar propostas de formación consensuadas
		Data prevista de finalización	Xuño 2015
		Persoa responsable	Coordinadora 4º curso
		Usuario responsable	Coordinadores de curso da titulación
Finalización		Estado	
		Data estado	
		Comprobación	
		Data comprobación	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM4
		Tipo	Acción de Mellora
	Orixe	Orixe acción	Informe de seguimento

		Descrición orixe	Criterio: Calidade	
		Análise causa	Necesidade de mellorar a transparencia da información sobre o seguimento do título	
	Definición	Definición/descrición proposta	Xornadas informativas ao alumnado acerca do informe de seguimento e propostas de mellora	
		Data prevista de finalización	Decembro 2015	
		Data inicio	Novembro 2015	
Responsables	Usuario responsable da implantación	Coordinador/a do grao		
	Outros responsables da implantación	Coordinadores do cursos da titulación		
Tarefa1	Código			
	Descrición tarefa			
	Data prevista de finalización			
	Persoa responsable			
	Usuario responsable			
Subtarefa 1	Código			
	Descrición tarefa			
	Data prevista de finalización			
	Persoa responsable			
	Usuario responsable			
Finalización	Estado			
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			